

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 3 DE MARZO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de marzo de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebío, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Jacobo Barreiro Pimentel, estando tamén presente o Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 25 de Febreiro do dous mil oito (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

### **EXPTE. Nº: RIB/N/38.6/07**

A D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Castro Rial., con domicilio na rúa Ramón Otero Pedrayo, Nº8-7º. Ribadavia , para levar a cabo as obras de legalización de Actividade de Café-bar.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Legalización de Actividade de Café-bar.

**Contía na que se orzan as obras:** 7.451,09 €

**Situación e emprazamento das obras:**Estrada de Francelos, Nº41-Baixo.

**Redactor do Proxecto:** D.Alberto Rodríguez Rodríguez .

**Director de Obras e de Execución:**

**Nome ou razón social do promotor:** D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Castro Rial.

**Prazos:**Os sinalados no Informe Técnico de data 26 de febreiro de 2008 ; o prazo de inicio das obras é de un mes e o prazo de remate de un ano , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras .

**Liquidación do ICIO:** : A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no expediente e que ascende a 7.451,09 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 193,73 euros.Dado que con data de 30 de marzo de 2007, o interesado aboou 193,73 e en concepto de liquidación Provisional, e que a cantidade coincide coa liquidación Complementaria , polo que non deberá aboar ningunha cantidade a maiores.

**Características do proxecto:** As sinaladas no Informe da Arquitecta da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, de data 26 de febreiro de 2008, que se expon a continuación.

#### ANTECEDENTES:

30.03.07.....Solicitante: Presenta solicitude de Licenza de Obras e Licenza de Apertura segundo “Expediente de Legalización de Actividade de Café - Bar e Proxecto Básico e de Execución de Obras de Adaptación”,

- redactado polo arquitecto técnico D. Alberto Rodríguez Rodríguez.
- 23.04.07.....RIB/N/38/07: Remisión Sanidade.
- 09.05.07.....Sanidade Informe Desfavorable:  
 “As condicións hixiénico-sanitarias das instalacións segundo o Regulamento 852/2004 e o Real Decreto 3484/2000”.
- 14.05.07.....RIB/N/38.1/07: Remisión á solicitante do Informe de Sanidade de data de Rexistro de Entrada no Concello de 09.05.07.
- 13.06.07.....Solicitante: Presenta Anexo ó “Expediente de Legalización de Actividade de Café - Bar e Proxecto Básico e de Execución de Obras de Adaptación”, redactado polo arquitecto técnico D. Alberto Rodríguez Rodríguez, para dar resposta ó solicitado no Informe de Sanidade.
- 03.07.07.....RIB/N/38.2/07: Remisión do Anexo á Sanidade.
- 17.07.07.....Sanidade Informe Desfavorable:  
 “No punto B do anexo de correccións fai referencia ó Real Decreto 2207/1995 de 28 de decembro que actualmente está derrogado polo Real Decreto 640/2006”.
- 20.07.07.....RIB/N/38.3/07: Remisión á solicitante do Informe de Sanidade de data de Rexistro de Entrada no Concello de 17.07.07.
- 03.09.07.....Solicitante: Presenta Anexo 2º ó “Expediente de Legalización de Actividade de Café - Bar e Proxecto Básico e de Execución de Obras de Adaptación”, redactado polo arquitecto técnico D. Alberto Rodríguez Rodríguez, para dar resposta ó solicitado no Informe de Sanidade.
- 06.09.07.....RIB/N/38.4/07: Remisión do Anexo 2º á Sanidade.
- 26.09.07.....Sanidade Informe Favorable.
- 30.10.07.....RIB/N/38.5/07: Remisión á Medio Ambiente.
- 15.02.08.....Medio Ambiente Informe Favorable.

O citado “Expediente de Legalización de Actividade de Café - Bar e Proxecto Básico e de Execución de Obras de Adaptación” e os seus Anexos, están redactados e firmados polo arquitecto técnico D. Alberto Rodríguez Rodríguez.

Infórmase favorablemente á concesión da Licenza Provisional de Actividade e da Licenza de Obras, todo elo condicionado ó cumprimento das medidas correctoras contidas na documentación técnica presentada, así como as demais condicións recollidas no citado Informe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental.

Cualifícase a actividade como MOLESTA, e dende o punto de vista ambiental condicionase ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) á comprobación posterior, mediante certificación de medición de ruídos, na que se acredite o cumprimento da normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica
- b) Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96 de 22-04-98); Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 2-09-97); Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico de produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (D.O.G. nº 124 do 29-06-05)
- c) se xestionen tódolos residuos xerados na actividade e os procedentes das obras de reforma ou adaptación do local.
- d) á aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

O Presuposto de Execución Material estimado é de 7.451,09 € (sete mil catrocentos cincuenta e un euros con nove céntimos).

Antes do Inicio das Obras, presentaranse os Oficios de Designación dos Técnicos Directores das Obras e Coordinadores en materia de Seguridade e Saúde.”

### **EXPTE. Nº: 22/10/2007/5416-L/333.**

**A D<sup>a</sup>Antonia Barreiro Villanueva.**, con domicilio na rúa de Atras, Nº 19, San Cristovo, para levar a cabo as obras de legalización e Rehabilitación de vivenda unifamiliar .

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Legalización e Rehabilitación de vivenda unifamiliar.

**Contía na que se orzan as obras:** 64.900,00 €

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa de Atras, Nº19, San Cristovo.

**Redactor do Proxecto:** D.Roberto Rodríguez Martínez.

**Director de Obras e de Execución:** D.Roberto Rodríguez Martínez, falta o Encargo de Dirección de Execución, Art. 13 LOE.

**Nome ou razón social do promotor:** D<sup>a</sup> Antonia Barreiro Villanueva.

**Prazos :** Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

**Liquidación do ICIO:** : A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no expediente e que ascende 64.900,00 a euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 1.687,40 euros. Dado que con data de 22 de outubro de 2007, o interesado aboou a cantidade de 1.687,40 €, en concepto de liquidación Provisional, cantidade que coincide coa liquidación complementaria, polo que non deberá aboar ningunha cantidade a maiores.

**Características do proxecto:** As sinaladas no Informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 11 de febreiro do 2008, e no Informe Xurídico, de data 28 de febreiro de 2008, que se expon a continuación.

TÉCNICO:

1. "Con data de 24 de decembro de 2007, **RE Nº 6766**, achégase ao expediente a seguinte documentación:
  - a. Memoria Descritiva. Anexo ao Proxecto, con Visado Colexial do 20 de decembro de 2007.  
onde se xustifica a parcela e os seus lindeiros.  
Así como a correspondente documentación gráfica, Plano 1-a e 1-B, e con igual data de visado. (Dous exemplares).
2. Informes de Cultura. Únese ao expediente administrativo e denominado "Expediente 66/355" os seguintes escritos:
  - a. Escrito do 21 de xaneiro de 2008, **RE Nº 532**, comunicando o resolto pola Comisión **T. P. H.** de data do 19 de decembro de 2007 e onde se acorda:  
**"A paralización preventiva das obras en **execución**".**  
**"A presentación dun proxecto de legalización e adaptación á normativa urbanística".**
  - b. Segundo se deduce da documentación achegada por Cultura o 21 de xaneiro de 2008, **RE Nº 535** e en Resolución da mesma Sesión do 19 de decembro de 2007, acordouse mediante o Decreto 39/2007: e en referencia ao mesmo expediente (**Expediente 39/2007**).  
Sesión ordinaria de 19/12/2007.  
Orde do Día nº 51.  
Titular: D<sup>a</sup> **Antonia Barreiro Villanueva**.  
Resolución:  
**"Informar favorablemente tendo que cumprir ás seguintes cautelas:**
    - **Reducir ou grosor dous alerios.**
    - **Ás carpintarías de aluminio serán coplanar con **obscurecemento polo interior.****

- **O balcón será en solución metálica sinxela, pintando nunha cor neutra"**

Estas cautelas ou condicións, estableceranse na correspondente Licenza. Así como o sinalado no punto 3 do Informe Técnico do 8 de novembro de 2007, **RE Nº 5896**.

c. Consta un presuposto de E.M. de 64.900,00 €

d. Consta Estudio de Seguridade e Saúde.

**e. Previo ao inicio dos traballos, deberase achegar o preceptivo Encargo de Dirección de Execución, segundo establece o Art. 13 da Lei 38/1999 do 5 de novembro, LOE.**

Informo favorablemente o presente expediente administrativo nos termos e alcance do presente informe.”

XURÍDICO:

“ANTECEDENTES DE FEITO.

- O expediente iniciase coa solicitude feita por D<sup>a</sup> Antonia Barreiro Villanueva, de data 22 de outubro de 2007 , ( Entrada Nº 5416) no que pide licenza para : Expediente de legalización e rehabilitación de vivenda unifamiliar.
- Con data de 9 de novembro do 2007 ( Entrada Nº 5896 ) , emite Informe Técnico o Arquitecto Técnico Municipal deste Concello , onde aparte de facer unha serie de consideracións de carácter técnico , solicita no punto 4 do mesmo , a remisión do expediente a Consellería de Cultura aos efectos que procedan.
- Continuase a tramitación do mesmo coa resolución do director Xeral de Patrimonio Cultural , de data 8 de xaneiro ( Entrada Nº535), onde autoriza o solicitado , tendo que cumprir as cautelas que considera a Comisión Territorial de Patrimonio Histórico, que són as seguintes:
  - Reduciránse o groso dos aleiros.
  - As carpinterías de aluminio serán coplanares con obscurecemento polo interior.
  - O balcón será en solución metálica sinxela, pintado nunha cor neutra.
- Con data de 7 de febreiro de 2008 ( Entrada Nº 981 ) emite Informe Técnico o Arquitecto Técnico Municipal deste Concello , onde informa favorablemente as obras solicitadas , impondo o cumprimento da condición antesreferida , así coma outras cautelas.

## LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.

Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia ( redacción Lei 15/2004 de 29 de decembro ).

Lei Reguladora das Bases do Réximen Local 7/85 de 2 de abril.

## INFORME XURÍDICO.

La ordenación urbanística del Concello corresponde a las NNSSM. publicadas en el BOP N° 66 de 23 de marzo de 1987,NCSPP, que en su carácter de aplicación corresponda y publicadas en el DOGA. de 19 de junio de 1991.

Consta informe de condiciones de aplicación al PERI por parte de la Consellería de Cultura, de fecha 6 de mayo de 1995.

Informe de la Dirección Xeral de Urbanismo de fecha 30 de agosto de 2000. Aprobación definitiva del PLAN ESPECIAL del CASCO ANTIGUO de SAN CRISTÓBAL, del 18 de septiembre de 2000. DOGA N° 218 de 10 de noviembre de 2000.

Este ordenamiento se supedita a la “Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia”. DOGA n°.252 de 31 de diciembre de 2002, modificada por la Ley 15/2004 de 29 de diciembre; ; Ley 6/2007, de 11 de mayo, de medidas urgentes en materia de ordenación del Territorio y del litoral de Galicia, así como disposiciones concurrentes.

O reximen xurídico de procedemento de outorgamento de Licenzas recollese nos arts 195 e seguintes da L.O.U.G.A. , establecéndose no art. 196 o réximen de prelación de licenzas e outros títulos administrativos, establecendo no apartado 5. o que segue :

“Nos restantes supostos nos que o ordenamento xurídico o esixa , para a execución de calquera actividade, autorización doutra administración pública en materia medioambiental ou de protección do patrimonio histórico-cultural, a licenza municipal urbanística só se poderá solicitar con posterioridade a que fose outorgada a referida autorización.”

En virtude do anteriormente exposto o expediente foi remitido a Cultura que o resolveu favorablemente a través dunha resolución de o Director Xeral de Patrimonio Cultural , debendo cumprirse as cautelas establecidas pola Comisión Territorial de Patrimonio Histórico.

O Proxecto foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Municipal , no seu Informe Técnico de data 11 de febreiro de 2008, debendo axustarse as cautelas fixadas na resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural de 8 de xaneiro( expostas nos antecedentes de feito) , así coma as condicións impostas polo Arquitecto Técnico Municipal , no seu Informe Técnico de data 9 de novembro, e 11 de febreiro, que son as que seguen:

O voo frontal axustaránse o previsto nas “Condicións estéticas”. Ordenanza 2.1 C.U. Vuelo máximo de 50 cm.

Previo ao inicio dos traballos, deberase aportar o preceptivo Encargo de Dirección de Execución , según establece o Art. 13 da Lei 38/1999 de 5 de novembro, LOE.

En virtude do anteriormente exposto emito as seguintes conclusións:

Informo favorablemente a solicitude , de conformidade coa autorización de Cultura e co Informe Técnico antesreferido , debendo en todo caso respetar as condicións e cautelas establecidas nos mesmos.

Con independencia do anteriormente exposto o Alcalde-Presidente deste Concello , en virtude das competencias que lle otorga a Lei Reguladora das Bases do Réximen Local 7/85 de 2 de abril no seu artigo 21.1.q) poderá resolver o outorgamento ou non do solicitado da maneira máis axustada a dereito.”

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-**

**EXPTE: 21/02/2008/1232-CU/73** Vista a solicitude de Don Oscar M. Pérez Outomuro con domicilio na rúa Paseo Nº 19-1º izq., Ourense , no que interesa información urbanística aplicable a una finca situada no polígono 14, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 28.02.08, que literalmente di:

Visto o escrito de solicitude de Don **Oscar M. Pérez Outomuro**, de data 21 de febreiro de 2008, **RE Nº 1232**, onde solicita "**a Cualificación actual do chan correspondente ás parcelas situada no polígono 14 do plano catastral dese Concello**"

1. Achegando co escrito de solicitude:

- a. Tres copias dun Plano Catastral "Oficina Virtual do Catastro" en escalas varias.
  - b. Máis documentos, sen relevancia para a resolución urbanística. (xustificante de pagamento de 2/02/08 e Fax).
2. O ordenamento urbanístico do **Concello** de **Ribadavia** corresponde ás **NNSSM** publicadas no **BOP n° 66** do 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde as **NCSPP** publicadas no **DOGA** do 19 de xuño de 1991, **Ribadavia**, está situado no espazo natural **Riberas do Miño**, espazo n° 15, Área 2.

Este ordenamento supeditase á "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de **Galicia**". **DOGA** n°.252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de **31** de xullo, sobre o réxime de autorizacións en chan rústico. **DOGA** n° 150 do 5 de agosto de 2003; ; Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de **Galicia**, así como disposicións concorrentes.

- a. A zona que se sinala por Don **Ocar M. Pérez Outomuro**, e correspondente ao Polígono 14 de Rústica, corresponde a Chan clasificado como Chan Urbanizable SUB (**P/UM**) CHAN URBANIZABLE PRESCRICIÓN USOS MIXTOS.
  - b. Segundo corresponde ao previsto na Cartografía Oficial CLASES DE CHAN, a Escala 1: 10.000 das **NNSSM** con representación cunha trama de cuadrícula e Lenda SUB (**P/UM**).
  - c. O Chan Urbanizable, esta suxeito á limitación de non poder ser urbanizado ata que se aprobe o correspondente PLAN PARCIAL, coas determinacións que fixa a Ordenanza 5-REGULACIÓN DO CHAN URBANIZABLE así como a 4.7 USOS MIXTOS, e concorrentes.
  - d. Segundo o Art. 21, Réxime do Chan Urbanizable, "Os propietarios de chan clasificado como urbanizable terán dereito a usar, gozar e dispoñer dos terreos da súa propiedade de acordo coa súa natureza rústica, debendo destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros ou similares".
  - e. Son de aplicación os Artigos da Sección II CHAN URBANIZABLE da **LOUGA** e concorrentes.
3. A zona, dada a súa proximidade ao río Avía, aféctanlles as enchentes do río, condición que tipificará a autoridade hidráulica cando se planten usos e desenvolvementos dos previstos pola **LOUGA**. Así como limítelos que por parte do Ministerio de Fomento se impoñan, dada a incidencia da Autovía a-52."

**PROXECTO DE ACTIVIDADE DE ALMACÉN E VENTA MAYOR DE PIENSOS ABONOS MINERALES E PRODUCTOS FITOSANITARIOS.**

Visto o escrito de D.Alexander Blanco Sobrino, de data 25 de xaneiro do 2008, RE N°681, onde solicita :”Licenza municipal de apertura e funcionamento para a actividade: Venta ao por mayor de pienso, abonos e minerales e productos fitosanitarios a Xunta de goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta conformidade os Informes Técnico e Xurídico de datas , un de febreiro , e 28 de febreiro do 2008, respectivamente que dñ o que segue:

**TÉCNICO:**

O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concurrentes.

1. De non ser actividade distinta á actual (“uso preexistente”) a tramitación con carácter xeral é según o procedemento que se sinala no Art. 194 e 195 da LOUGA.
  - a. O rexime urbanístico de aplicación á vista da planificación oficial, disposicións legislativas(LOUGA e uso derivado da súa situación actual será. a seguinte.
    - i. Realizada a comprobación en situ e salvo mellor precisión, a edificación corresponde á nave da antiga Renault, onde se exerceu fai anos a actividade de taller de reparación de vehículos, administración oficinas e exposición e venta todo en relación a automoción, actualmente a nave esta cerrada e sen actividade salvo o que se oeda acreditar según o sinalado no punto 1 do presente informe.
    - ii. Para evitar gastos e dilación do expediente deberase formular consulta concreta coa súa correspondente memoria descriptiva.

- iii. O solo sobre o que se asenta a parcela e edificación de referencia, esta clasificado como SUB(PI) SOLO URBANIZABLE PRESCRIPCIÓN INDUSTRIAL.

Non se realizou a correspondente ordenación detallada, solo pendiente de ordenación mediante o correspondente Plan Parcial.

Según se establece nos Art. 21 rexime do solo urbanizable, Art. 22. Deberes dos propietarios de solo urbanizable. e Art. 23. Aproveitamento urbanístico. Todos eles da LOUGA.

- iv. Situación urbanística que establece o rexime urbanístico peculiar de aplicación , según corresponde ao previsto no Art. 103- 2 da LOUGA.

#### XURÍDICO:

“

-Constan neste expediente a seguinte documentación:

- Solicitud de data 11 de decembro do 2007, RE N°6553, onde solicita que :”Desea proceder a pintura interior e saneamento de unha nave sita na dirección indicada.”

- Informe do Arquitecto Técnico Municipal de data dezoito de decembro de 2007.

- Informe do Secretario do Concello, de data 3 de xaneiro.

- Providencia de subsanación de deficiencias, de data 4 de xaneiro de 2008, onde se lle pide aporte , licenza de actividade , aos efectos de comprobar que a obra solicitada , se encadra no suposto de “ Mantemento do uso preexistente.” Dacordo co Art. 103.2 da LOUGA 9/2002.

- Con data 25 de xaneiro de 2008, recibese escrito neste Concello de D.Alexander Blanco Sobrino, ( Entrada Nª 681.), no que solicita Licenza municipal de apertura e funcionamento para a actividade: Venta ao por mayor de pienso, abonos e minerales e productos fitosanitarios.

- Informe do Arquitecto Técnico Municipal de data un de febreiro de 2008, no que solicita , no punto 4 do mesmo, Informe da Policía Local sobre si na actualidade , se exerce algún tipo de actividade , e concretamente para a que solicita licenza.

- Con data de 13 de febreiro de 2008, emitese Informe da Policía Local , onde sinalase que na nave en cuestión estase a levar a cabo actividade de almacén e venta o por mayor de piensos, abonos mineráis e productos fitosanitarios.

- Informe do Arquitecto Técnico Municipal de data dezaioito de febreiro de 2008, onde se ratifica nos Informes Técnicos anteriores.

### **RÉXIMEN XURÍDICO APLICABLE**

Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

Lei 7/85, de 2 de abril L.R.B.R.L.

### **INFORME**

Visto o Informe Técnico do Arquitecto Técnico Municipal deste Concello de data dezaioito de decembro de 2007, no que fai as seguintes consideracións , así como o resto de documentación que obran neste expediente , teño a ben informar o que segue:

A edificación encontrase en situación de fora de ordenación en virtude do sinalado no Informe Técnico ,antes referido, polo que lle será de aplicación o establecido no artigo 103 da L.O.U.G.A. 9/2002 , sendo unicamente autorizables as obras de simple conservación e as necesarias para o **mantemento do uso preexistente** en virtude do establecido no apartado 2 deste mesmo artigo.

No caso de non ser unha actividade distinta da actual (“uso preexistente”) a tramitación será a sinalada nos artigos 194 e 195 da LOUGA.

Dado que tratase duna actividade que non se corresponde coa anterior , e que, como se expuso anteriormente, emplazase nunha nave situada en fora de ordenación , non se pode conceder a licenza solicitada.

Debese destacar que , tal e como sinalouse no Informe da Policía Local , referenciado nos antecedentes de feito, estase a levar a cabo unha actividade , sen a correspondinte licenza municipal , o que se pon en coñecemento para a adopción das medidas oportunas.

Sen prexuízo do anteriormente exposto o Alcalde- Presidente deste Concello poderá resolver como considere máis oportuno e axustado a dereito conforme as súas competencias atribuídas pola Lei 7/85 LRBRL no seu artigo 21.1.q.”

A vista dos Informes emitidos a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda denegar o solicitado, debendo dar traslado de este acordo o interesado para o seu coñecemento.

### LICENCIA DE ACTIVIDADE.-

Visto o escrito de **Don Alfredo Manuel Besol Mogarde**, con domicilio na rúa Oliveira Nº 24-7ºB, no que solicita licenza para actividade de exposición e venda de material de Belas artes e regalo nun inmovible sito na Tv. Da Oliveira, Nº 3, baixo, a Xunta de Goberno Local tendo en conta os antecedentes, documentación técnica e informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de data 30-01-08, que se atopan no expediente, acorda conceder licenza definitiva para a actividade de exposición e venda de material de Belas artes e regalo, o cal titular fará aboamento neste Concello de 95,80 euros, taxa aplicable segundo a ordenanza fiscal correspondente, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

### CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL

“Visto o expediente instruído a instancia de **dona Maria del Carmen Castro Rial**, con domicilio na rúa Ramón Otero Pedrayo, Nº8-7º, desta vila, no que solicita a regulamentaria licenza para a legalización de actividade de Café-bar e

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

**RESULTANDO:** Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 14 de febreiro de 2008, informa a actividade como MOLESTA , e dende o punto de vista mediambiental condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos: a) á comprobación posterior, mediante certificación de medición de ruídos, na que se acredite o cumprimento da normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica; b) Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96, de 22-04-98); Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 02-09-97); Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (D.O.G. nº 124 do 29-06-05); c) se xestionen adecuadamente tódolos residuos xerados na actividade e os procedentes das obras de reforma ou adaptación do local ; d) á aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

**CONSIDERANDO:** Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA que se solicita, debendo cumprir as

observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.”

#### **TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI**

“Visto o escrito de **Don Arsenio González Rodríguez**, con domicilio na Via 6, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula OU-4570-W, adscrito á licenza de autotaxi nº 10, por outro novo (renault megane scenic), matrícula 4384 GBF a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licenza nº10 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 4384 GBF, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo matrícula OU-4570-W; polo interesado deberán cumprirse tódalas disposicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolver-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-Escrito remitido pola Education, Audiovisual and Culture Executive Agency, no que comunicase a nova data contractual do Programa “Youth in Action”.

-Escrito remitido por ATISAE , no que pon en coñecemento deste Concello da obriga de realizar Inspección Periódica Reglamentaria de instalacións eléctricas de baixa Tensión cada 5 anos, imposta polo novo Regulamento Elctrotécnico de Baixa Tensión (R.D. 842/02, de 2 de agosto de 2002).

-Escrito remitido por GESTIMA S.L. , polo que envía documentación sobre a marcha da explotación da Concesión do Párking sito na Alameda de Ribadavia.

-Escrito remitido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que pon en coñecemento , a solicitude do C.P.I. “Tomás de Lemos” dunha axuda económica para poder afrontar os gastos derivados dun viaxe cultural a Costa Dourada.

-Escrito polo que ponse en Coñecemento da xunta de Goberno local , a doazón feita por Dona Dolores Juste Pardo, Don Juan Antonio Juste Pardo e Dona María José Juste Pardo , dun inmobre situado na Porta Nova de Abaixo, Nº 11, desta vila .

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION DE CONVENIO.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entr eo Concello de Ribadavia e a Agrupación Deportiva Escolar o Ribeiro para uso das instalacións deportivas municipais.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO